

Arte corporal

Poesía A performatividade de xénero vira en opción individual e inofensiva para o sistema

Erofanía. Triloxía poética (1995-1998) preséntase como a “edición actualizada e definitiva” dos tres primeiros libros de Yolanda Castaño: *Elevar as pálpebras* (1995), *Delicia* (1998) e *Vivimos no ciclo das Erofanías* (1998). Trátase dunha edición corrixida e ampliada con algúns dos poemas inéditos até a súa inclusión na antoloxía persoal *Edénica* (2000).

Esa idea de peche que anuncia o volume, tan afín ás imperantes prácticas de construción de traxectorias poéticas como ciclos vitais, vense reiterando desde a saída do prelo, en 2003, d'O libro da egoísta e, en 2007, de *Profundidade de campo*. Abondo se leva escrito sobre as perversións desa pantasma colectiva para a que Daniel Salgado propuxo o nome de “sistema-mercantil-capitalista-literario galego”; e foi a propósito de *totalizacións*. Totalizacións, por outra banda, paradoxalmente propicias á emerxencia de individualidades na calor do “boom” dos 90 (polo menos, dunha figura mediática). Mais, perante este resultado, semella que as tensións programáticas das voces lícitamente

te posicionadas arredor da cuestión do xénero dirixíronse cara á análise e promoción doutras poéticas, deixando no baleiro –ou, debuxado doutro xeito, na definición por exclusión– a obra da egoísta (“A EGOÍSTA PORQUE ESTÁ SOA. / A QUE FOI A SÚA MEDIDA”). Un baleiro que permite unha vez e outra a escrita da mesma ecuación: erotismo con marca feminina=poesía de xénero. Daquela, pódese transcender o espiñento asunto da *diferenza* e pasar por riba das políticas *queer* sen deterse e, aínda, tirar proveito, navegar sen se mollar. Evidencia de que no sistema cabe a asunción da performatividade de xénero como opción individual(ista), inofensiva e libérrima dentro da oferta do mercado, como escolla no catálogo.

Este volume reinaugura a poesía adolescente de Yolanda Castaño e tematízaa dunha vez por todas, consolidando ambas as etapas, aquela e a da madurez. Trátase das dúas caras da mesma moeda que permite (re)producir erotismo e refugamento do erotismo. Mais, sempre, o corpo en primeira liña e calquera corpo pro-


Erofanía. Triloxía poética (1995-1998) ·

Yolanda Castaño ·
Espiral Maior, 2009 ·
132 páx · 16 euros



blematizado é síntoma. Subversivos ou non, serán os corpos que corean esta “ladaíña” en todos os ámbitos artísticos unha concesión á cultura materialista das masas, como afirma Fredric Jameson?

Escrita e distribuída naquel ambiente dos recitais dos 90, reproducida en formatos intermediais (desde as performances poéticas da autora até a musicalización dos poemas incluídos no cd que acompañaba a *Edénica*), a obra ábrese a unha relectura fetichista, tal a súa corporeidade. Resultaría interesante analizar o modo en que os textos alimentan unha única vía de revelación, a do corpo poetizado, mediante, por exemplo, a insistente apelación, o fondo sinestésico ou o case inxenuo uso das aliteracións (“un labio lento / violento”); na mesma dirección opera a exaltación do efémero, do procesual (“–¿Dóche? / –Si. / –Paro? / –Non”), e do autoficcional (“Se penso nas cousas que fixemos”). Pero hai algo máis: Inseparábel das súas primeiras con-



Les fleurs du mal, 2003 // Joana Pimentel, arquivo MARCO

dicións de recepción, a obra reproduce, co seu carácter espectacular e próximo ao *body art*, esta estética da presenza, da fisicalidade exposta e desexante da escena; e tamén así é a voz, única, sen interferencias, de *Erofanía*. // **María López Suárez**